

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 3 DE ABRIL DE 2014.-

SRES. Asistentes Sr. ALCALDE: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. SRES. CONCELEIROS: D. José Eugenio Fernández Lago. D ^a María Victoria Montenegro Paz. D. Olimpia Marcos García. D ^a Alma Beatriz Barron Ferro. D. Juan Manuel Sixto Galiano. D ^a Mercedes Grande Regueiro. D ^a Josefina Martínez Martínez. D ^a Marta Seijas Díaz. D. Emilio Mesías Farias. D. Miguel Angel Fernández Permuy. D. Luis Cendán Fernández. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e oito minutos do día tres de abril de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:


Punto núm. 1.- RATIFICACION CAMBIO DATA SESIÓN ORDINARIA.

O Concello Pleno por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE E 1 NAL), 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda ratificalo carácter o cambio de data da sesión ordinaria.

Punto núm. 2.- DAR CONTA FIRMEZA SENTENZA XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL DE DATA 17-03-2014.

Polo Sr. Secretario dase lectura á Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de data 17-03-2014, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ SE ESTIMA PARCIALMENTE el recurso contencioso administrativo presentado por la Procuradora Sra. Díaz Gallego en el nombre y representación invocada contra la Resolución de la Alcaldía del Ayuntamiento de Ares de fecha 6 de Noviembre de 2009 y se anula parcialmente la misma en el sentido de calificar la infracción urbanística cometida por la



recurrente como leve e imposerle una sanción de CUATRO MIL SEISCIENTOS EUROS (4.600.- EUROS).

SE DESESTIMA el recurso contencioso administrativo presentado contra el Acuerdo adoptado por la Junta Municipal de Gobierno del Ayuntamiento de Ares, en sesión celebrada el 11 de febrero de 2011, por considerarlo conforme a derecho.


Cada parte abonara las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad."

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- DACION EN CONTA REMISION MHAP MARCAS ORZAMENTARIAS 2014/15/16/17.

Dase conta da dación en conta Remisión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas das Marcas Orzamentarias 2014/2015/2016/2017, que presente o seguinte cadro resume:

SALDOS Y OTRAS MAGNITUDES	AÑO 2014 (EN EUROS)	% TASA VARIACIÓN	AÑO 2015 (EN EUROS)	% TASA VARIACIÓN	AÑO 2016 (EN EUROS)	% TASA VARIACIÓN	AÑO 2017 (EN EUROS)	SUPUEST QUE SE E
Saldo operaciones corrientes	726.681,72		1.893.630,00		2.102.070,00		2.325.590,00	
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	726.681,72		1.893.630,00		2.102.070,00		2.325.590,00	
Derivados de modificaciones de políticas	0,00		0,00		0,00		0,00	
Saldo operaciones de capital	-238.487,72		234.100,00		262.650,00		291.190,00	
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	-238.487,72		234.100,00		262.650,00		291.190,00	
Derivados de modificaciones de políticas	0,00		0,00		0,00		0,00	
Saldo operaciones no financieras	488.194,00		2.127.730,00		2.364.720,00		2.616.780,00	
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	488.194,00		2.127.730,00		2.364.720,00		2.616.780,00	
Derivados de modificaciones de políticas	0,00		0,00		0,00		0,00	
Saldo operaciones financieras	-488.194,00		-478.190,00		-484.910,00		-503.210,00	
Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas)	-488.194,00		-478.190,00		-484.910,00		-503.210,00	
Derivados de modificaciones de políticas	0,00		0,00		0,00		0,00	
Saldo operaciones no financieras	488.194,00		2.127.730,00		2.364.720,00		2.616.780,00	
(+/-) Ajustes para el cálculo de cap. o neces. Financ. SEC95	-710.00	•	-780.00		-860.00		-950.00	
Capacidad o necesidad de financiación	487.484,00		2.126.950,00		2.363.860,00		2.615.830,00	



Deuda viva a 31/12	3.764.835,57	-14,21	3.229.737,14	-16,26	2.704.721,69	-19,48	2.177.965,40	...
A corto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
A largo prazo	3.764.835,57	-14,21	3.229.737,14	-16,26	2.704.721,69	-19,48	2.177.965,40	
Ratio Deuda viva/Ingresos	0,68	-25,00	0,51	-21,57	0,40	-22,50	0,31	

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 4.- APROBACIÓN DTC-93 DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

O Concello Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os Concellos”, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións


DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL.	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL.
Proxecto Básico e de execución de Reforma para Centro de Salud Temporal	105.846,73	0.00	105.846,73
TOTAL.	105.846,73	0,00	105.846,73

B) Achegas municipais a outros plans programas ou convenios.

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE.	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA.
TOTAL		

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

C) Resumo.



	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total.
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓN	105.846,73	0,00	0,00	105.846,73€
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS				
TOTAL	105.846,73€	0,00	0,00	105.846,73€

2º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial.

4º.- Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Punto núm. 5.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN. ORDENANZA FISCAL REGULADORA
ICIO. ADAPTACIÓN Á LEI 9/2013.**


Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

"PROPOSTA DA ALCADÍA

***ADAPTACIÓN A LEI 9/2013, DE EMPRENDAMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE
GALICIA***

Modificación Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras

O Concello de Ares ten actualmente en vigor, entre outras, a seguinte ordenanza fiscal:



- **Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras**

A normativa en xeral, e a urbanística en particular, está sendo obxecto nos últimos tempos de grandes transformacións sobre todo no relativo ós rexímenes de autorización/habilitación para poder exercer os actos sometidos a control.

O 27 de decembro do 2013 foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 247 a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. A dita lei modifica a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establecendo un novo réxime de control nos actos de uso do solo e do subsolo de xeito que mantense o control previo (a licenza) nuns casos concretos e establécese un control posterior (comunicación previa) no resto dos casos. Este novo marco normativo obríganos adaptar a ordenanza fiscal anteriormente sinalada.


Así a Lei 9/2013, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, entre outros aspectos modifica a regulación das licenzas de obra, de modo que se establece un réxime xeral que é o de comunicación previa xunto cunha reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe, singularmente a Lei 38/1999, de 5 de novembro (LOE), de ordenación da edificación, e o máis recente artigo 23 do Real decreto Lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

Na súa virtude propónse a modificación da devandita Ordenanza Fiscal, proponendo :

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 1, 2, 3 e 5 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras nos termos que a continuación se recollen.

"ARTIGO 1º. Constitúe o feito imponible do Imposto a realización dentro do termo municipal, calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se haxa obtido ou non dita licenza de obras ou urbanística, ou para que se esixa presentación de comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.

ARTIGO 2º.-



1.- Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título contribuínte as persoas físicas ou xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Os efectos previstos no párrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.-No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo quen soliciten as correspondentes licenzas, ou presenten as correspondentes comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cuota tributaria satisfeita

ARTIGO 3º.-


4.- O imposto devégase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se haxa obtido a correspondente licenza ou non se presentase a comunicación previa.

ARTIGO 5º.-

1.-Cando sexa concedida a licenza preceptiva ou se presente a comunicación previa, ou cando non tendoa solicitada nin presentada comunicación previa, concedéndose ou denegándose aínda aquela ou presentado ésta, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función dos módulos previstos na presente Ordenanza que figura como anexo.

2.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do coste real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, podera modificar no seu caso a base imponible á que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso a cantidade que corresponda.

3.- A liquidación a que se refire o apartado anterior practicarase utilizando como base imponible a determinada polos técnicos municipais en función dos módulos previstos no anexo da presente Ordenanza.



4.- Cando se produza calquera circunstancia que modifique o custe real e efectivo das obras, construcións ou instalacións que serviron de base para a determinación da cota tributaria, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, no prazo dun mes, declaración complementaria, e unha vez aceptada a modificación pola administración municipal practicarase liquidación complementaria.

Será requisito para o outorgamento de licenza de primeira ocupación ter realizado a liquidación definitiva do imposto."

Seguidamente dase conta do Informe de Secretaria-Intervención de data 19 de marzo de 2014 do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARÍA


De acordo co ordenado pola Xunta de Goberno de Local na sesión do día 13 de marzo do 2014 e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

Asunto: *Adaptación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras ás determinacións da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*


ANTECEDENTES

Con motivo de culminar as trabas administrativas previas por parte das entidades locais ao exercizo de actividades, proceso iniciado coa Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas Leis de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario no proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello de Europa, do 12 de decembro de 2006, sendo complementado coa introducción da comunicación previa ao comezo de actividades



comerciais, introducida pola Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e, por outra banda, a decidida intervención do Estado con normas como a Lei 25/2009, de 22 de decembro; a Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sustentable, que introduce novos artigos 84 bis e ter na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e suprimese a licenza de actividade, e a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos e, dado que dita labor non pode completarse sen que a Comunidade Autónoma establecera un réxime xurídico único e estable nas actividades que regula pero que non autoriza, ao ser competencia exclusivamente municipal e estar sometida a licenza de actividade. Son as actividades inocuas, as clasificadas e as actividades recreativas e os espectáculos públicos, sobre as cales a Comunidade Autónoma carece dunha regulación de control administrativo sobre as mesmas, onde a regulación é estatal e aplícase supletoriamente –caso das actividades inocuas co Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955–, ou ha de ser actualizada para adaptala ao novo marco normativo –caso do Decreto 133/2008–, ou se atopa fragmentada –caso dos espectáculos públicos, regulados por un regulamento estatal de 1982 e por un catálogo aprobado por decreto da Xunta de Galicia. Así as cousas, ditáse a Lei 9/2013, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, na que entre outros aspectos modifica a regulación das licenzas de obra, de modo que se establece un réxime xeral que é o de comunicación previa xunto cunha reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe, singularmente a Lei 38/1999, de 5 de novembro (LOE), de ordenación da edificación, e o máis recente artigo 23 do Real decreto Lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa. Como dí a exposición de motivos da Lei 9/2013 :

"En aras de que a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial poida realizarse no menor tempo posible axilizando os procedementos de control, pero á vez dar seguridade xurídica ao interesado, a terceiros e á propia administración, créanse nesta lei as entidades de certificación de




conformidade municipal (Eccom), que se configuran como as que avaliarán a conformidade das mesmas respecto da normativa de aplicación en cada caso no ámbito municipal.

A intervención das entidades de certificación de conformidade municipal será facultativa, e non substituirán nalgún caso as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración, pero serán as responsables fronte a ela do extremos obxecto de certificación."

Na súa virtude, para dar cumprimento ao mandato legal ao contido da Disposición Final terceira que modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en especial o artigo 194 "Licenzas urbanísticas e comunicacións previas" ao someter ao réxime de comunicación previa, aqueles actos do uso do solo e subsolo nos que así se estableceran nas leis e os os actos non suxeitos a previa licenza municipal, que por exclusión son os non descritos no apartado 2 do devandito artigo 194, :

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de leiras en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.



i) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita tala derívese da lexislación de protección do dominio público.

Dita comunicación previa entre outros documentos acreditativos, deberá constar do xustificante de pago dos tributos municipais (art. 194.5).

FUNDAMENTOS LEGAIS


- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nos seus artigos 15 a 19 e 60 a 77.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.

CONSIDERACIÓN LEGAIS

PRIMEIRA.- Os Concellos, de conformidade co artigo 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán establecer e esixir entre outros os seguintes Impostos :

- Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras.

SEGUNDA.- O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto que grava a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao Concello da imposición nos termos establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



TERCEIRA.- Se ben este Concello non ten acordado a ordenación e imposición da taxa (potestativa) pola expedición de licenzas urbanísticas, cumpre singinificar de conformidade co previsto no art. 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible das Taxas, entre outras, a prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos, sempre que o servizo ou a actividade non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados, e que non se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida o seu reserva a favor do sector público conforme a normativa vixente.

CUARTA.- ICIO e Taxa por expedición de licenzas urbanísticas son compatibles : "Os Concellos poderán establecer nas súas ordenanzas fiscais sistemas de xestión conxunta e coordinada deste imposto e da taxa correspondente ao outorgamento da licenza" (Art 103.5 RDL 2/2004).

QUINTA.- A Disposición final terceira da devandita Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia : artigos 3, 24, 194, 196, 198, 209, 210, 211, 217 e 219 da Lei 9/2002, de 30 de decembro nos seguintes termos :

O artigo 3, apartado 4.b queda coa redacción seguinte:


«b) O sometemento a control municipal da construción e uso das leiras, ben mediante licenza municipal, ben mediante o réxime de intervención municipal de comunicación previa.»

O artigo 24, apartado 3, letra c queda coa redacción seguinte:

«c) Presentar a comunicación previa ou solicitar a licenza de edificación e edificar cando o plan xeral ou especial así o estableza.»

Modifícase a rúbrica do artigo 194, a cal queda redactada como segue:

«Artigo 194. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas».



O apartado 2 do artigo 194 queda coa redacción seguinte:

«2. Estarán suxeitos a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións.

d) Os muros de contención de terras.

e) Os grandes movementos de terras e as explanaciones.


f) As parcelaciones, segregacións ou outros actos de división de leiras en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.

i) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita tala derívase da lexislación de protección do dominio público.»

Engádense os apartados 4, 5, 6, 7 e 8 ao artigo 194 coa redacción seguinte:




«4. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente artigo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establecesen nas leis.

5. Cando se trate de actos suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, o promotor dos actos de uso do solo e do subsolo previstos no número anterior comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data na que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución. A comunicación deberá ir acompañada de:

- a) Descrición suficiente das características do acto de que se trate.
- b) Xustificante de pago dos tributos municipais.
- c) No seu caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/da técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación.
- d) Copia das restantes autorizacións e, no seu caso, concesións administrativas cando fosen legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de haberse solicitado o seu outorgamento.
- e) Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.
- f) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando fosen legalmente esixibles.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos




a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a emenda das deficiencias que presente a documentación, adoptando neste caso motivadamente as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, comunicándoas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

O concello deberá ditar a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou actos á ordenación urbanística dentro do quince días seguintes á adopción de calquera medida provisional. A orde que se dite conterá os efectos propios da licenza urbanística.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercizo do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impor por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercizo do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.



6. Cando haxan de realizarse diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmovible, presentarase unha única comunicación previa.

7. A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ostenta a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/das técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

8. Os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos.»

Modifícase o apartado 2 do artigo 196, o cal queda coa redacción seguinte:


«2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.»

Modifícase o apartado 1 do artigo 198, o cal terá a redacción seguinte:

«1. Os actos relacionados no artigo 194 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, salvo os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.»

Oito. Modifícase a rúbrica do artigo 209, a cal queda redactada como segue:

«Artigo 209. Obras sen licenza ou sen comunicación previa en curso de execución».



Modifícase o apartado 1 do artigo 209, o cal queda coa redacción seguinte:

«1. Cando se estivesen executando obras sen licenza, sen comunicación previa ou orde de execución, sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, a persoa titular da alcaldía disporá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo á persoa interesada.»

Modifícase o apartado 3 do artigo 209, o cal queda coa redacción seguinte:

«3. Instruído o expediente de reposición da legalidade, e previa audiencia das persoas interesadas, adoptarase algún dos seguintes acordos:


a) Si as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición á conta da persoa interesada e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido.

b) Si as obras fosen legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase á persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa, manténdose a suspensión das obras en tanto non se outorgue licenza ou non se presente a comunicación previa.

c) Si as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licenza, comunicación previa ou orde de execución, ordenarase á persoa interesada que o axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outro tres a pedimento desta, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras a realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licenza no prazo previsto.»

Modifícase o apartado 1 do artigo 210, o cal queda coa redacción seguinte:

«1. Si finalizáronse as obras sen licenza ou sen comunicación previa, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas ou na orde de execución, a persoa titular da alcaldía,



dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior. Tomarase como data de finalización das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola Administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.»

Modifícase o artigo 211, o cal queda coa redacción seguinte:

«Artigo 211. Outros actos sen licenza ou sen comunicación previa


1. Cando algún acto distinto dos regulados no artigo anterior e que precisa de licenza ou comunicación previa realizouse sen esta ou en contra das súas determinacións ou o contido comunicado, a persoa titular da alcaldía disporá o cesamento inmediato do devandito acto e incoará expediente de reposición da legalidade.

2. Instruído o expediente de reposición da legalidade, e previa audiencia da persoa interesada, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Si a actividade realizouse sen licenza ou comunicación previa, ou sen axustarse ás súas determinacións ou ao contido declarado, requirirase á persoa interesada para que solicite a oportuna licenza, presente comunicación previa ou axuste a actividade á xa concedida ou comunicada.

b) Si a actividade non fose legalizable por ser incompatible co ordenamento urbanístico, procederase a impedir definitivamente a actividade e a ordenar a reposición dos bens afectados ao estado anterior ao incumprimento daquela.

3. Si, transcorrido o prazo de tres meses desde o requirimento, a persoa interesada non solicita a oportuna licenza ou presenta comunicación previa ou, no seu caso, non axusta a actividade ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía adoptará o acordo previsto no apartado b) do número anterior. Procederase de igual modo no



caso de que a licenza fose denegada ao ser o seu outorgamento contrario á legalidade.»

Engádese un apartado f) ao número 3 do artigo 217, coa redacción seguinte:

«f) A inexactitud, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou documento que acompaña ou consta na comunicación previa.»

Modifícase o apartado 4 do artigo 217 coa redacción seguinte:


«4. Considéranse infraccións leves as infraccións do ordenamento xurídico que non teñan o carácter de graves ou moi graves e, en todo caso, a execución de obras ou instalacións realizadas sen licenza ou orde de execución ou sen comunicación previa cando sexan legalizables por ser conformes co ordenamento urbanístico, así como o incumprimento das ordes de execución ou demolición ou a obriga da inspección periódica das edificacións. Considérase tamén como leve a infracción consistente na inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter non esencial, en calquera dato ou documento que acompaña ou consta na comunicación previa.»

Modifícase o apartado 1 do artigo 219, o cal queda coa redacción seguinte:

«Artigo 219. Persoas responsables

1. Nas obras que se executaron sen licenza, sen comunicación previa ou con inobservancia das súas condicións ou dos datos comunicados serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables das mesmas en calidade de promotoras das obras, propietarias dos terreos ou empresarias das obras, e os/as técnicos/as redactores do proxecto e directores/as das obras.»

SEXTA- Nos termos do art. 17.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos



e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cuotas tributarias, así como as aprobaci3ns e modificaci3ns das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñer3nse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta d3as como m3nimo, dentro dos cales os interesados poder3n examinar e presenta-las reclamaci3ns que estimen oportunas.

O expediente deber3 someterse a estudo pola Comisi3n Informativa respeva, por as3 esixilo, entre outros, o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do R3xime Local, 82 e 123 a 126 entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais.


S3TIMA.- O expediente, completo e ditaminado, deber3 elevarse ao Concello Pleno para o seu debate e aprobaci3n, se procede, por maior3a simple en virtude do artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do R3xime Local, e do artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do R3xime Local.

OITAVA.- O acordo de aprobaci3n provisional ser3 exposto ao p3blico por prazo m3nimo de trinta d3as h3biles, mediante anuncios no Bolet3n Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello para que os interesados poidan formular reclamaci3ns.

NOVENA.- Poder3n presentar reclamaci3ns quenes te3nan un interese directo ou resulten afectados polo acordo, e os Colexios Oficiais, Asociaci3ns e demais Entidades legalmente constitu3das para velar polos intereses profesionais, econ3micos ou veci3nais, que act3en en defensa dos que lles son propios.

D3CIMA.- As reclamaci3ns presentadas deber3n ser resol3tas polo Concello Pleno que acordar3, ao mesmo tempo a aprobaci3n definitiva da Ordenanza Fiscal.

Non obstante, e no caso de que non se presenten reclamaci3ns non ser3 necesaria a adopci3n de novo acordo, estend3ndose a tales efectos certificaci3n acreditativa de tal extremo pola Secretar3a Xeral.



UNDÉCIMA.- En todo caso, os acordos definitivos, ou os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das Ordenanzas Fiscais, ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no "Boletín Oficial" da Provincia, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo devandita publicación íntegra.

DUODÉCIMA.- A Ordenanza Fiscal rexerá durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto na mesma, e contra o acordo de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal só poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, de conformidade co establecido nos artigos 48 e 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno.

CONCLUSIONES


Informáse favorablemente a proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, instalacións e Obras para adaptala ás determinacións da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia."

Sometido a votación o asunto o Pleno da Corporación por 11 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 4 P.P. e 1 NAL), e 2 votos en contra do Grupo Municipal do BNG acorda:

E en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a Modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións instalacións e obras para adaptala ás determinacións da Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º.- Expoñer ó público o presente acordo por un periodo de 30 días hábiles os efectos de reclamacións, mediante publicación anuncio no Boletín Oficial da Provincia, entendendose que no caso de non presentación de reclamación a aprobación provisional elevarase automaticamente a definitiva.



Punto núm. 6.- ENCOMENDA XESTIÓN PUNTO LIMPO A FAVOR DA MANCOMUNIDADE.

Dase conta do convenio de colaboración entre a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e os Concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar do Colo, do seguinte teor literal:

“ Ferrol, __, de ____ de 2014.

A Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e no seu nome e representación o seu presidente, D. José Manuel Rey Varela, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.

O Concello de Ares e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

O Concello de Cabanas e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente D. Germán Castrillón Permuy.

O Concello de Fene e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente. D. Gumersindo Pedro Galego Feal.


O Concello de Mugardos e no seu nome e representación o seu alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia.

Todos eles facultados polas mesmas disposicións legais.

EXPOÑEN

Que o artigo 26.1.b) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local establece que os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes deberán prestar o servizo de tratamento de residuos. Así o dispón igualmente o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia.

Que o artigo 4º dos estatutos da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol establece que a Mancomunidad terá como fins o desenvolvemento das competencias locais en xestión dos residuos sólidos urbanos e outros residuos inertes, entre outras materias.



Que o artigo 57 da citada lei 7/85 permite a cooperación entre as administracións públicas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, e que se desenvolverá con carácter voluntario, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Que o artigo 15 da Lei 30/92 establece que a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades da mesma ou de distinta Administración, por razón de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño, materializándose mediante a firma do correspondente Convenio.

Que o artigo 103 da Constitución establece que as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, debendo así pois os entes locais prestar aos seus cidadáns uns servizos de calidade, e optimizando e racionalizando os medios e recursos existentes e disponibles para tal fin.


Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación aos que deben de axustar a súa actuación as administracións públicas galegas; coa fin de dotar aos seus cidadáns dun axeitado servizo de recollida de residuos no Punto Limpo situado no municipio de Fene, coa conseguinte racionalización do seu custe, e en exercicio das competencias que lles son propias, recoñécense plena capacidade para levar a cabo a formalización do presente convenio conforme os seguintes:

ANTECEDENTES

Os concellos de Cabanas e Fene son titulares dun Punto Limpo no Polígono Industrial de Vilar do Colo, situado na rúa F. parcela H2, dentro do termo municipal de Fene, infraestrutura construída pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras sobre terreos pertencentes a ambos concellos, e entregada aos devanditos concellos en decembro de 2013.

Os concellos de Ares e Mugardos non dispoñen de instalación para prestar aos seus cidadáns o servizo de punto limpo.

A Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol actúa como instrumento de colaboración dende o que se promoven e vehiculan distintas formulas para o desenvolvemento conxunto de proxectos ou a prestación de servizos compartidos.



Os concellos de Cabanas, Ares, Fene e Mugardos acordaron no Pleno da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol establecer de forma conxunta o servizo de punto limpo nas referidas instalacións de Vilar do Colo.


Á vista de canto antecede, as partes asinantes,

ACORDAN

- I. Os Concellos de Cabanas e Fene, como titulares das instalación do punto limpo de Vilar do Colo, encomendan á Mancomunidad a xestión do Punto Limpo de Vilar do Colo.
- II. A Mancomunidad tramitará o expediente administrativo de contratación do servizo e velará polo cumprimento do contrato descrito no borrador de pregos anexo ao presente convenio, cuxo tipo de licitación ascende a 48.048 €/ano, cunha duración de catro anos prorrogable como máximo por outros dous.
- III. Os concellos de Ares e Mugardos serán usuarios do servizo e contribuirán ao seu mantemento nos termos abaixo indicados.
- IV. O servizo será sostido íntegramente polos concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos, de forma proporcional a súa poboación, do que resultan os seguintes importes anuais a partir do tipo de licitación do servizo:

Concello	Poboación (Padrón 2013)	Porcentaxe	Achega
Ares	5801	20,57%	9.884,97 €
Cabanas	3287	11,66%	5601,08 €
Fene	13639	48,37%	23241,01 €
Mugardos	5470	19,40%	9320,94 €
Total	28197	100%	48.048,00 Euros

- V. Coa fin de axilizar a xestión administrativa dos aboamentos das contías que se deben ao adxudicatario do servizo, a Mancomunidad remitirá, unha vez conformadas polos seus técnicos, dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da súa presentación no rexistro, a cada un dos concellos, unha copia das facturas presentadas co fin de que por parte de cada un dos consistorios, no prazo máximo dun mes, se aboe a súa parte proporcional á



Mancomunidade, que deberá, pola súa banda, aboar ao contratista no prazo legalmente establecido.

O incumprimento por parte dun concello, da súa obriga de aboamento da contía correspondente, no prazo anteriormente sinalado, suporá a asunción, pola súa banda, dos danos e perdas económicos que para contratista e para a outra entidade asinante se poidan irrogar.

Así mesmo, conforme o Art. 19.3 dos Estatutos da Mancomunidade, no suposto de que algún concello se atrase no

Dase conta da informe de Secretaria Intervención, que segundamente se transcribe:


INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

Asunto : Encomenda de xestión a favor da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol do servizo compartido de Punto Limpo e aprobación convenio.

D. Manuel Larrosa Rodríguez, como Secretario-Interventor do Concello de Ares, de acordo co disposto pola Alcaldía, e de conformidade co previsto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais -ROF-, emito o presente **INFORME** en relación á encomenda de xestión do servizo compartido de Punto Limpo á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol na sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2014 aprobou o texto do convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e os Concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do



Colo, as achegas económicas de acordo co estudo de custos do servizo e borrador de pregos de condicións técnicas.


Segundo.- Este Concello, xunto co de Cabanas, Fene e Mugardos precisa xestionar o servizo do punto limpo de Vilar do Colo de forma compartida. Considerando os medios e as posibilidades económicas con que conta este Concello e os demais Concellos afectados, considerase que a mellor forma de xestionar este servizo público por parte dos mesmos é a encomenda de xestión en base ao artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común a favor da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

PRIMEIRO.- A encomenda de xestión, como técnica a través da cal opera o traslado da execución de competencias desde unha Administración Pública a outras entidades de dereito público, para a realización de actividades técnicas, materiais ou de servizos; ten o seu fundamento en razóns de eficacia administrativa así como na falta de medios técnicos que permitan ao ente público desempeñar unha actividade da súa competencia coa dilixencia e eficiencia debidas sendo a nota característica na mesma a ausencia dunha cesión de titularidade da competencia obxecto de encomenda.

A súa regulación concrétase no artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, do tenor literal que a continuación se transcribe:

«1. A realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades da mesma ou de distinta Administración, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.



2. A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercizo, sendo responsabilidade do órgano ou Entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.


3. A encomenda de xestión entre órganos administrativos ou Entidades de dereito público pertencentes á mesma Administración deberá formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e, na súa falta, por acordo expreso dos órganos ou Entidades intervincentes. En todo caso o instrumento de formación de encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para a súa eficacia no Diario Oficial correspondente.

Cada Administración poderá regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que incluírán, polo menos, expresa mención da actividade ou actividades ás que afecten, o prazo de vixencia e a natureza e alcance da xestión encomendada.

4. Cando a encomenda de xestión realícese entre órganos e Entidades de distintas Administracións formalizarase mediante firma do correspondente convenio entre elas, salvo no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de Réxime Local.

5. O réxime xurídico de encomenda de xestión que se regula neste artigo non será de aplicación cando a realización das actividades enumeradas no apartado primeiro haxa de recaer sobre persoas físicas ou xurídicas suxeitas a dereito privado, axustándose entón, no que proceda, á lexislación correspondente de contratos do Estado, sen que poidan encomendarse a persoas ou Entidades desta natureza actividades que, segundo a lexislación vixente, haxan de realizarse con suxeición ao dereito administrativo.»

Varias son as notas que, conforme se deriva do precepto de referencia, configuran o instituto xurídico de encomenda de xestión; a saber:




- Poderán constituírse en obxecto de encomenda as actividades que sexan de carácter material, técnico ou de servizos propias da competencia do ente público encomendante.
- Ha de resultar realizada a favor doutros órganos ou Entidades da mesma ou de distinta Administración.
- Non comporta cesión da titularidade sobre a competencia da que é titular o órgano encomendante nin dos elementos substantivos do seu exercizo, sendo responsabilidade daquel ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.
- Debe formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e, na súa falta, por acordo ou convenio expreso dos órganos ou Entidades intervincentes. En todo caso o instrumento de formalización de encomenda de xestión e a súa resolución deberá ser publicado, para a súa eficacia no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. Cada Administración pode regular os requisitos necesarios para a validez de tales acordos que conterán referencias, polo menos, aos seguintes extremos:
 - Mención expresa da actividade ou actividades ás que afecten.
 - Prazo de vixencia.
 - Natureza e alcance da xestión encomendada.

SEGUNDO.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Locais -LRSAL-, establece cales son as competencias propias do municipio para poder levar a cabo a prestación dos diversos servizos públicos que a normativa lle recoñece.

Dito artigo 25 da LRSAL establece :

1. El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo.



2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.


Á súa vez o artigo 26 da LRLAL establece entre outros como servizo que deberán prestar tódolos Concellos o da recollida de residuos, establecendo dito artigo 26 :

Para coordinar la citada prestación de servicios la Diputación propondrá, con la conformidad de los municipios afectados, al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas la forma de prestación, consistente en la prestación directa por la Diputación o la implantación de fórmulas de gestión compartida a través de consorcios, mancomunidades u otras fórmulas. Para reducir los costes efectivos de los servicios el mencionado Ministerio decidirá sobre la propuesta formulada que deberá contar con el informe preceptivo de la Comunidad Autónoma si es la Administración que ejerce la tutela financiera.

TERCEIRO.- O Acordo Plenario favorable á encomenda debe ser adoptado por maioría absoluta do número legal dos seus membros en aplicación do disposto no artigo 22.2.f) e 22.2 p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Hai que ter presente, neste senso, que mentres o artigo 47.2.h) advirte da necesidade do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos en materias tales como a «transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei impoñáanse obrigatoriamente»; o artigo 22.2.f) atribúe ao Pleno a aprobación das formas de xestión dos servizos e o artigo 22.2. p) fai o propio respecto daquelas outras materias non concretadas no precepto de referencia cuxa aprobación requira, en todo caso, unha maioría especial.

Téñase en conta tamén, aos efectos indicados, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra Sala do Contencioso-Administrativo, sec. 1ª, de 22 de decembro de 2003, conforme a cal: «no termo «transferencia de funcións ou actividades» debe



incluírse a delegación e encomenda. E iso porque co termo «transferencia de funcións» refírese a Lei a todos os supostos de descentralización administrativa incluíndo tanto a delegación como a substitución ou a denominada xestión ordinaria todos eles suposto incluídos na denominada «transferencia do exercicio da competencia ou de funcións»; por outra banda a referencia a «actividades» permite conectar a transferencia de tales actividades co concepto de encomenda de xestión (que non é senón a atribución a outros órganos ou a outros entes do exercicio de actividades técnicas ou materiais non decisorias).


En consecuencia procede a estimación deste aspecto declarando a necesidade do Pleno ou do órgano superior da entidade local, segundo proceda, mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación respectiva, o que comporta a estimación parcial da demanda neste único aspecto.»

O citado acordo conterá mención expresa aos extremos anteriormente citados, isto é: á actividade ou actividades obxecto de encomenda, prazo de vixencia desta e natureza e alcance e a xestión encomendada.

Ademais, haberán de mediar os trámites seguintes:

- Publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- Notificación ao encomendado.
- Certificado de alegacións (novo acordo no seu caso).
- Recepción de aceptación do encomendado.
- Sinatura de convenio encomendante-encomendado.
- Publicación do texto con expresión de recursos.
- Entrada en vigor.

CUARTO.- As implicacións financeiras da encomenda son as derivadas da aportación segundo proporcionalidade da poboación, de 9.884,97 €. Anuais (tomando como



referencia o tipo de licitación), sendo necesario dotar a partida correspondente do orzamento 2014, ou no seu caso tramitación e aprobación da correspondente modificación de crédito.


QUINTO.- Aínda que efectivamente os terreos onde se atopa o Punto Limpo en Vilar do Colo pertencen aos Concellos de Fene a Cabanas e conseguintemente as instalacións, non ten sentido facer distinción no convenio aos Concellos de Ares e Mugardos como usuarios do servizo, cando os catro Concellos (Ares-Fene-Cabanas-Mugardos) realizan propiamente unha encomenda do servizo na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol; como tampouco ten sentido atribuír aos Concellos de Fene e Cabanas a responsabilidade da supervisión do servizo incluíndo o mantemento das instalacións.

CONCLUSIÓN

Estimáse por esta Secretaría-Intervención procedente a encomenda da xestión do Servizo compartido de Punto Limpo; encomenda que haberá de tramitarse seguindo o procedemento exposto «ut supra» e mediando, por tanto, o correspondente acordo plenario adoptado por maioría absoluta dos seus membros. (Artigos 47 2.h) da Lei 7/1985 en relación co artigo 22.2. f) do mesmo texto legal cando o obxecto de encomenda constitúao a xestión dun servizo público ou, noutro caso, por disposición do previsto no artigo 22.2 p) da citada Lei 7/1985,

Na súa virtude, á vista de canto antecede, o funcionario que suscribe informa que procede a encomenda proposta á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, previos os trámites de corrección/subsanación do convenio e pregos e condicións.

É o que se informa, sen prexuízo de calquera outra opinión mellor fundada en Dereito.”



Sometido a votación o asunto o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Punto núm. 7.- MODIFICACIÓN ARTIGO 36 REGULAMENTO ORGANICO MUNICIPAL.

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

“Modificación artigo 36 do regulamento Orgánico Municipal “Implantación acta dixital”.

Dase nova redacción ao artigo 36, apartado 1 e 2, quedando o mesmo redactado do seguinte xeito:


Xustificación:

Á vista da demora na redacción das actas literalmente das sesións plenarias e conseguinte redacción dos respectivos certificados e no seu caso notificación de acordos e mocións aprobados motivado polas extensas intervencións e debates, unido á periodicidade mensual das mesmas, impedindo cumprir os prazos previstos na lexislación de réxime local para remitir copia das mesmas á Administración do Estado e á Comunidade Autonoma, sendo unha carga de traballo adicional a transcripción literal das mesmas tanto polo que respecta a dita transcripción como a veces á imposibilidade por interrupcións entre os membros da Corporación.

Coa finalidade de conseguir unha simplificación administrativa, modernización administrativa, máxima transparencia e máxima eficacia no marco da eficacia e optimización de recursos coa aplicación das TIC (tecnoloxías da Información e Comunicación) e en especial da Lei 11/2007, do 22 de xuño que fixa as regras xerais para a utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, e da aplicación da Lei 1/2000 do 7 de xaneiro de enxuízamento civil, e á vista da implantación do sistema en numerosos Concellos do Estado Español (Ávila, Coslada, Valladolid, Medina del Campo, Pozuelo de Alarcón, Ajuntament de Silla, Ajuntament de Catarroja, Ajuntament d’Alzira, Ajuntament de Vilanova i la Geltru, Ajuntament de Mollet del Vallés, Torrejón del Rey, Valdepeñas, Hellín, etc., próponse a seguinte nova redacción ao artigo 36, parágrafos 1 e 2:

1.- Implantase a Acta dixital.

Dita acta dixital sustitúe con plena legalidade á acta tradicional, elimina calquera tipo de transcripción do tratado no Pleno, reducindo sustancialmente o tempo de xeración



da Acta, conservando en audio e en video todo o contido do Pleno e permitindo a recuperación das intervencións accedendo a través da Orde do Día.

2.- A acta dixital levará en soporte papel lugar de reunión, con expresión do nome do Municipio e local en que se celebra, día mes e ano, hora en que comenza, nome e apelidos do Presidente, dos membros da Corporación presentes, dos ausentes que se houbesen excusado e dos que falten sen excusa. Carácter ordinario ou extraordinario e no seu caso urxente, e celebración en primeira ou segunda convocatoria, asistencia do secretario, ou de quen leglamente lle substitua, e presenza do funcionario responsable de intervención, cando concurra. Asuntos que se examinan, votacións que se verifiquen e no seu caso as nominais no sentido en cada membro emita o seu voto. Nas votacións ordinarias farase constar número de votos afirmativos, dos negativos e das abstencións. Faráse constar nominalmente o sentido de voto cando así o pidan os interesados, parte dispositiva dos acordos, actos e asuntos tratados que se adopten e no seu caso os informes incorporados así como hora en que o Presidente levanta a sesión.

A mesma acompañarase en CD ou DVD o rexistro da sesión con sinatura electrónica do órgano titular da secretaria ó que corresponde dar fe da sesión que archivarase polo mesmo sendo remitida a cada un dos membros da Corporación.

A acta unha vez aprobada polo Pleno do Concello, transcribiráse ao libro de Actas, autorizandoa coas sinaturas do Alcalde ou Presidente e do Secretario nos termos.”


Sometido a votación, o Pleno do Concello por 11 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 do P.P. e 1 NAL), e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG acorda:

1º.- Prestarlle a súa aprobación a modificación do artigo 36 do Regulamento de Orgánico Municipal.

2.- Expoñer ó publico o presente acordo, por espacio de 30 días os efectos de reclamacións, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentación de reclamacións.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 9.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

A) MOCIÓN DO BNG: APOIO Á FROTA DE CERCO E ARTES MENORES.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DE APOIO Á FROTA DE CERCO E ARTES MENORES

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Ares (BNG), ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte Moción de apoio as reclamacións trasladadas por parte da Asemblea do cerco celebrada en Portosín, relativas a rexeitar o preacordo de reparto das cotas de xurelo e xarda e iniciar unha nova negociación con base en criterios equitativos.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez, a Unión Europea, a través do Consello de Ministros de Pesca -sempre co entusiasta voto favorábel do Goberno español e a conivencia da Xunta de Galiza- volvíu fixar uns Topes Autorizados de Captura (TAC) claramente discriminatorios para a frota pesqueira galega. Esta decisión, non fundamentada cientificamente, pretende primar os intereses económicos e comerciais doutros estados fronte ás necesidades do sector pesqueiro galego, claramente prexudicado en todo este proceso. Trátase de regras de xogo da UE incompatíbeis coa existencia e o futuro do noso país en materia pesqueira.

O problema non é que non haxa peixe no noso litoral: haino, e ben abundante. O conflito xorde cando se lles impide pescar aos galegos e si se lles permite a outras frotas. É, en definitiva, un problema político, que precisa de solucións políticas.

Nese contexto, en decembro do ano 2013, os representantes da Xunta de Galiza xunto cos representantes do sector pesqueiro galego negociaban en Madrid o reparto de cotas no Cantábrico noroeste; entre elas, estaban especies estratéxicas para a frota do cerco e de artes menores como a xarda e o xurelo.

No reparto que establece a UE do TAC da xarda, correspóndenlle ao Estado español 29.019 toneladas para o 2014, das cales hai que descontarlle unhas 7.000 toneladas que é a sanción que esta lle impón a toda a frota por se exceder nas capturas asignadas nos anos 2009 e 2010.



No caso do xurelo correspondeulle ao Estado español un total de 16.592 toneladas, o que supón un 26% menos das que se recibiron o ano pasado de 22.409 toneladas ("marabillosa negociación", por certo, para o Goberno galego e o ministro Arias Cañete, pois -afirmaban- é mellor reducir un 26% que un 40%), mentres que aos vascos se lles manteñen as capturas na zona Ciem VIIIb (Golfo de Bizkaia) e son compensados coa subida do verdel (estornino ou xarda veteada), un 30%, saíndo, máis unha vez, claramente beneficiados.


Na negociación do reparto por parte do Estado español xulgábase que a intención era eliminar o modelo dos últimos anos, que obrigaba a terse que desprazar a frota galega a Cantabria ou ao País Vasco se querían pescar algo, pois en poucos días, esgotábase a cota. Cómpre trocar este modelo discriminatorio por outro máis acorde coa realidade galega, que lle permita á embarcación ter dereito a un total de capturas e poder pescalo cando e onde o considerar.

Na negociación que se levou a cabo impúxose o modelo vasco, que contou coa colaboración do Goberno español e a inhibición do Goberno galego; isto é, que as capturas históricas tivesen o maior peso posíbel no reparto, comezando nun 90-10 e admitindo un preacordo onde as capturas históricas lle correspondía o 70%, e outros factores, como número de tripulantes, GT's, etc., únicamente alcanzaban o 30%.

Con este reparto a frota galega, que ten 154 barcos de cerco, correspóndelle o 24,5% das cotas de xarda, mentres que a vasca, con 53 embarcacións, consegue un 50% do total das capturas.

Este criterio de reparto realizouse interesadamente a partir as capturas históricas, computándose nestas as realizadas entre os anos 2002 e o 2011. Nestes anos a pesca en Galiza estivo regulada mediante topes, non así o doutras comunidades costeiras e coincidindo ademais cos anos onde houbo un exceso de capturas (2009 e 2010), con sanción da UE. Para alén disto, o modelo destes últimos anos xa viña prexudicando gravemente a frota galega, dado que o reparto era global e cando a xarda chegaba ás nosas augas, a cota estaba esgotada impedíndosenos pescala.

A maiores temos que lembrar que historicamente a frota vasca non pescaba esta especie. Comezou a pescala a raíz de se ter esgotado a pesaría do bocareu. No actual preacordo de reparto en función das últimas capturas históricas non se prima a quen tivo regulada a súa actividade, nin a quen pescou menos, nin a quen non se excede das capturas: primase a quen se incorporou tardiamente a esta pesaría, a quen non a tivo regulada e, sobre todo, recoñéceselle como captura histórica a quen pescou de máis.



O Estado español é cómplice, mentres o Goberno galego cala, admitindo uns criterios discriminatorios, ao igual que a Unión Europea, esquecéndose dos argumentos de boa xestión pesqueira, e permitindo uns criterios máis políticos que sociais, abocando a frota galega á miseria.

Unha vez que o sector foi consciente do prexuízo que se está a causar con este preacordo, decidiu amarrar a frota e tomar medidas para impedir esta negociación discriminatoria, pois entende que con este modelo o sector non ten futuro. A única saída a esta situación é que o Goberno español anule este preacordo e que se inicie unha nova negociación onde os criterios sexan obxectivos, isto é: debe existir un reparto lineal proporcional ao número de embarcacións, onde se prime o número de tripulantes e os criterios de responsabilidade.


Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Manifestar o apoio deste concello a frota do cerco e de artes menores que reclaman un reparto xusto das cotas da xarda e do xurelo.**
- 2. Reclamar o cambio profundo da Política Común de Pesca da UE, e a derogación do Principio de Estabilidade Relativa, que consagra a discriminación estrutural da frota pesqueira galega.**
- 3. Reivindicar o exercicio pleno das competencias galegas sobre as nosas augas, eliminando as cotas de pesca fixadas desde Bruxelas no noso propio litoral.**
- 4. Manifestar o apoio de toda a Corporación as reclamacións acordadas na Asemblea do Cerco, que tivo lugar en Portosín, isto é:**
 - Non admitir o preacordo logrado co Goberno español.
 - Pedir a dimisión do presidente da Federación de Confrarías de Galiza.
 - Reprobar a actitude da conselleira de Medio Rural e do Mar por non defender os intereses do sector.
 - Instar á Consellaría de Medio Rural e do Mar a adoptar unha posición comprometida de defensa dos intereses da frota galega.
- 5. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno español, aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, e deputadas e deputados galegos no Parlamento europeo"**

Fixadas as posicións polos grupos municipais, tanto o grupo do PP como o do PSdeG PSOE, solicitan conformidade do proponente para que a Moción sexa votada punto por punto.

O Sr. Mesias Farias, indica que a Moción debe votarse no seu conxunto.



Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 3 votos a favor (2 BNG e 1 NAL), E 10 votos en contra (6 PSdeG-PSOE e 4 PP), acorda rechazar a moción presentada polo Grupo Municipal do BNG.

B) MOCIÓN DO BNG: MODIFICACIÓN DA LEI DE XERENCIA DE INFRAESTRUTURAS DE DEFENSA E REVERSIÓN DA PROPIEDADE NA TITULARIDADE PUBLICA.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES SOBRE MODIFICACIÓN DA LEÍ DAXERENCIA DE INFRAESTRUTURAS DE DEFENSA E REVERSIÓN DE PROPIEDADES NA TITULARIDADE PÚBLICA


Resulta de dominio público a existencia na nosa comarca dun inmenso catálogo de propiedades do Ministerio de Defensa - desafectadas dos usos que tiveran noutrora - que teñen un grande valor do ponto de vista ecolóxico, paisaxístico e mesmo no ámbito das infraestruturas de comunicación. Coñecido é tamén que a política deste Ministerio vén sendo a venda destes inmóbeis que, baixo a categoría de rústicos, inclúen nada menos que estradas, e antigos polvoríns, baterías, campamentos ou observatorios.

No caso da nosa comarca - a máis afectada por este proceso - figuran nada máis e nada menos que un total de 29 inmóbeis rústicos no concello de Ferrol, 12 en Ares, 5 en Valdoviño, 2 en Narón e 1 en Mañón. En moitos casos son estradas, pistas e caminos que no seu momento financiou a Administración Central polo terreo e que poderían pasar a mans privadas neste proceso; privatizando importantes espazos naturais e paisaxísticos.

Non é de recibo a actuación dun Ministerio nun rexime democrático con fins claramente especulativos, como resultado do mantemento da Lei 28/1984 de creación da Xerencia de Infraestruturas da Defensa; moito menos nunha comarca que vive unha situación crítica do ponto de vista económico como a nosa. Unha actuación que, por outra banda, vai contribuir ao deterioro medioambiental, dificultar a labor de ordenación do territorio nos concellos e o aproveitamento dos seus recursos naturais.

No caso do noso concellos, temos as propiedades de:

A CORUÑA	ARES	15-040-002	0	18.780,00	CARRETERA AL SEGAÑO DESDE EMP.CUARTEL DEFENSIVO	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-003	0	2.825,00	CARRETERA BATERIA-FUENTESECA DESDE LA DE LA PEÑA BAILADORA A FARO	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES




A CORUÑA	ARES	15-040-004	0	12.598,00	CARRETERA CUARTEL DEFENSIVO DE MONTEFARO	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-005	0	2.920,00	CARRETERA A BATERÍA DE PEÑA BAILADORA	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-008	0	2.923,00	CARRETERA A BATERÍA EL FARO(BAILADORA)	CARRETERAS, PISTAS,
A CORUÑA	ARES	15-040-009	0	16.432,00	CARRETERA BATERÍA SUDOVA	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-010	0	4.218,00	CARRETERA A COITELADA	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-011	0	1.840,00	CARRETERA AL OBSERVATORIO CENTRAL	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-012	0	7.480,00	CARRETERA A AVARENTA DESDE SUDOVA	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
A CORUÑA	ARES	15-040-016	0	1.990,00	PROYECTOR DEL PESCANTE	PROYECTORES, PTOS. DE MANDYOBSERVIOs.
A CORUÑA	ARES	15-040-017	0	23.733,00	CARRETERA DE LA PALMA AL SEGAÑO	CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES
ACORUÑA	ARES	15-040-	0	8.011,00	CENTRAL DE COITELADA	PROYECTORES, PTOS. DE MANDYOBSERVIOs

Neste sentido, o BNG entende que é preciso un cambio lexislativo que permita a cesión gratuita ás administracións públicas daquelas antigas instalación de Defensa que teñan especial interese natural, histórico-artístico ou cultural, e no ámbito das infraestruturas de comunicación; que permitan a súa recuperación, restauración e valoración para o uso público.

Nesa liña, propoñemos ao pleno do concello de Ares a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Solicitar a modificación da Lei 28/1984 de creación da Xerencia de Infraestrutura da Defensa no sentido de que aqueles bens desafectados que teñan características especiais –por formar parte do patrimonio histórico-artístico, cultural, natural u das infraestruturas de comunicación –pasen a ter un réxime específico que asegure a súa permanencia como bens de titularidade pública; permitindo o seu traspaso ordenado a outras administracións públicas no territorio onde se ubican eses bens co obxecto de acometer proxectos de recuperación, restauración e valorización de usos públicos.”

Sometida votación a Moción o Pleno do Concello por 2 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. e 7 abstencións (6 do PSdeG-PSOE e 1 do Grupo Municipal de NAL) acorda rechaza-la moción.



Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os voceiros dos grupos municipais se teñen algunha Moción que queren someter á consideración do Pleno pola vía de Urxencia.

PUNTO NÚM. 10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas intervén o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, quen manifesta que con data 15 de xaneiro fixeron unhas preguntas sobre Santa Catalina, e que aínda non se lles respostou cando é obrigatorio facelo.

Tamén solicitamos ver o expediente da Praza de Psicologo, posto que sabemos que hai irregularidades e aínda non se nos autorizou.

Asemesmo solicitamos ver o expediente da contratación da praza de Asesor de Cultura e tampoucos se nos deu.


Toma a palabra o Sr. Fernández Permuy: Quen manifesta que na Resolución da Alcaldía núm. 81/14 relativa a aportación as Comparsas non ven asinada polo Sr. Secretario-Interventor, entendendo que debería vir asinada, ¿cal é a razón de que non veña asinada?.

Formula o rogo, de que se controle o tema da luz nas parroquias, pois a Parroquia de Chanteiro votou dúas semanas sen luz.

No nucleo de Chanteiro se cambiou a numeración e nome das rúas, entende que se debería de falar nunha Comisión e non aparecer como apareceron as cartas ós veciños.

Interven o Sr. Sixto Galiano, manifestando que observa que se están a facer moitos contratos menores, citando como exemplos o da actualización do padrón de recollida do lixo, actualización Catastral, así como o de Parametrización das terrazas por un importe de 7.559 euros, preguntándose se o persoal municipal non está capacitado para facer isto, porque entende que medir unha terraza o pode facer a Policía Local como o viña facendo.

Asemesmo di que as as beirarúas ata o Clube de Remo pola marxe dereita desapareceron, levan dous meses alí as pedras, ate que chegue alguen que lle gusta algunha e a leve, e desaparezan todas.



Formula a queixa de que as ruas e os números se están a cambiar de forma aleatoria.

Denuncia que as arquetas na Avda do Mazote levan como cinco meses levantadas, eso sí están sinalizadas polos conos correspondentes, pero parecelle moito tempo.

Seguidamente o Sr. Sixto Galiano manifesta que na Praza de Lourido, 3 banquillos están totalmente destrozados e sería conveniente amañalos.

Con referencia a aprobación do PXOM o Sr. Sixto Galiano, formula a queixa que non se lle deu ningún tipo de publicidade, que os veciños se teñen que enterar e que os veciños non leen o Diario Oficial de Galicia, que a el onte mesmo lle preguntaron tres persoas e non sabían nada.

Finalmente formula o Rogo de que a paxina web do Concello non sexa unha plataforma de publicidade súa, e que sexa un páxina aberta a todos os grupos, onde tamen aparezan as notas de prensa que eles mandan e non so as da Alcaldía.

Acto seguinte por unha persoa do publico asistente, se lle solicita o Sr. Alcalde permiso para intervir unha vez rematada a Sesión.

O Sr. Alcalde respostalle que unha vez rematada a Sesión non se pode intervir, que o que teña que dicir que pase ó seu despacho e alí non ten ningún inconveniente en recibilo.

Respostandolle a persoa do público que quere que sexa diante de todos os Concelleiros.


O Sr. Alcalde-Presidente, se ratifica no anteriormente manifestado.

Acto seguinte o Sr. Alcalde-Presidente, da resposta as preguntas formuladas:

Con referencia a Santa Catalina se vai a responder por escrito.

O expediente da praza de psicólogo, se os ten que dar, e a contratación de Asesor de Cultura o mesmo.

A Resolución da Alcaldía 81/14 ten as sinaturas que proceden, e o expediente está fiscalizado regulamentariamente.



Con respecto os puntos de luz dicir que houbo mal tempo, cambios de empresa, a xente non corta as ramas das arbores, e co vento fai moitas veces que o tendido se caiga.

A numeración tivemos moitas queixas, e dicir que non podía estar como estaba antes, por exemplo en Chanteiro, que non había continuidade nos números, e moitas veces había problemas coas ambulancias, os carteiros novos etc.

Os contratos menores cando se fan é porque son necesarios, e o que se refire de parametrización de terrazas, refírese a un programa informático de xestión.

As arquetas hai que amañalas.

A praza de Alcalde Lourido hai feito un proxecto de actuación o cal ten dúas fases, por unha banda o enterrado de contenedores que xa está executado e por outra banda unha segunda fase de actuación na superficie por un importe de 70.000 euros aproximadamente que pronto o levaremos a cabo e leva consigo o amaño dos bancos,

Con referencia o PXOM todo Ares sabe que se aprobou inicialmente, e de luns a venres nun horario amplo de atención o público se vai a expoñer o público e atender os veciños correctamente.

A páxina web como en todos os sitios esta a disposición do Goberno, e subimos todas as noticias que teñen enlace na edición dixital, se non teñen enlace non as subimos.

Por último con referencia as beirarúas da Avda. Gral Gabeiras, é unha actuación de Portos de Galicia, que dicitu levar ó Porto a liña de datos, e nun acordo co Concello, nos comprometimónos a repoñer a beirarúa, pensamos que é unha inversión interesante, e adquirimos ese compromiso, agora mesmo temos tres traballadores de baixa por enfermidade, pero na medida das posibilidades o iremos facendo.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.

